

ANEXO A PROGRAMACIÓN:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CMUS Profesional da Coruña

CURSO: Todos os cursos

MATERIA: Violín

DEPARTAMENTO: Corda frotada

DATA: 7/5/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Mínimos esixibles.**
- 2. Procedementos de avaliación e cualificación.**
- 3. Criterios de cualificación.**
- 4. Instrumentos de avaliación.**
- 5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
- 6. Información e publicidade.**

1. Mínimos esixibles.

Os mínimos esixibles para todo o alumnado serán os reflectidos na [programación de violín](#) para as dúas primeiras avaliacións.

http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2019/10/Programacio%CC%81n_Violi%CC%81n_19-20.pdf

Os mínimos esixibles correspondentes á terceira avaliación, serán traballados no vindeiro curso académico.

2. Procedementos de avaliación e cualificación.

Observación da actividade desenvolvida na terceira avaliación ou nas actividades de recuperación propostas mediante a gravación de vídeos ou documentos sonoros, vídeo-chamadas, actividades en aulas virtuais, ou a través de calquera outro medio telemático utilizado.

O alumnado coa segunda avaliación suspensa ou que non puido ser avaliado de maneira continua, realizará unha proba individual, para a que será convocado por correo electrónico e a través de Centros-Net. Realizarase telematicamente e polo mesmo medio polo que mantivo o contacto co profesor na terceira avaliación. A cualificación final será a obtida nesta proba.

3. Criterios de cualificación.

Aplicaranse os criterios de cualificación que constan na [programación de violín](#), agás os que supoñan actividades presenciais.

Alumnado coa segunda avaliación aprobada:

- A nota da terceira avaliación e cualificación final será a media entre a nota da primeira e da segunda avaliación, sempre que o resultado non sexa inferior á nota da segunda avaliación. Neste caso manterase a nota da segunda avaliación.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 3	CENTRO: CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA CURSO: TODOS OS CURSOS MATERIA: VIOLÍN
---	---------------	---

- A cualificación final poderá aumentarse ata dous puntos en función das actividades desenvolvidas polo alumnado na terceira avaliación.

Alumnado coa segunda avaliación suspensa ou que non puido ser avaliado de maneira continua:

A cualificación final será o resultado da proba individual á que fai referencia o apartado 2.

4. Instrumentos de avaliación.

Métodos telemáticos como poden ser vídeo-chamadas, recepción de vídeos ou gravacións sonoras, actividades en aulas virtuais, etc.

5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para o alumnado.

6. Información e publicidade.

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.